TEMA 8º

A ARTE DO RENACEMENTO: EN ESPAÑA

AS OBRAS OBXECTO de ESTUDIO para as ABAU

1. *Juan de Herrera*: *O Escorial*
2. *Greco:* *O martirio de san Mauricio*
3. *Greco*: *O enterro do Señor de Orgaz*
4. *Greco*: *A adoración dos Pastores.*

RENACEMENTO ESPAÑOL: Arquitectura

O RENACEMENTO EN EUROPA e ESPAÑA

O **RENACEMENTO**, ***movemento*** **cultural italiano**, difúndese por **Europa** no **S. XVI**, polo *prestixio* da ARTE de Italia, polas viaxes dos **artistas** e costume das **elites europeas** de *estudar* **dereito** en **Bolonia** e/ou **teoloxía** en **Roma**, cidades das que tomaban gustos e actitudes estéticas creadas na **ITALIA DO S.XV**, sendo **mecenas** e **comitentes** da *NOVA ARTE* nos seus países.

Fachada interior sudoeste, Palacio do Louvre (*París*),de Lescot e cuberta por relevos de Jean Gouion S.XVI



castelo de Blois (1514-1527Castelo de Francisco I)

ESPAÑA é **caso especial.** O **GÓTICO**, **arte oficial da Igrexa**, **resístese** a desaparecer e no **S.XVI** **constrúense catedrais góticas** ou se **terminan** as de **Séculos anteriores** (***Salamanca, Palencia***).

A **inicios** do **S.XVI** hai ***novidades renacentistas*** que **conviven** cos elementos **decorativos** do **gótico** creando un ***estilo peculiar***, O ***PLATERESCO***, que **combina** ***estruturas renacentistas*** con ***pináculos*** e ***arcos conopiales*** **góticos** e **decoración vexetal** *fina* e *miúda* tomada da ***arte da pratería*** *(Ex.* ***Portada do Hostal dos Reis Católicos*** **de Santiago 1501/15011**, ***Fachada da Igrexa de San Pablo*** **de Valladolid, ...).**

Portada do Hostal dos Reis Católicos de Santiago,

1501 ao 1511

HOTEL
HOSTAL
DE LOS
REYES CATOLICOS
RESTAURANTE

A eliminación plateresco e a asunción consciente dos principios do *Renacemento* dase a mediados do S. XVI, obra da *corrente purista*, encabezada polos arquitectos Juan de Herrera (*El Escorial*) e Pedro Machuca (*Palacio de Carlos V na Alhambra*).

palacio de carlos v en la alhambra de grana Ss XVI-XVII

FICHA TÉCNICA e Clasificación:

OBRA- TÍTULO: REAL MONASTERIO DE SAN LORENZO DE EL ESCORIAL. MOSTERIO E CONXUNTO ARQUITECTÓNICO de San Lorenzo de El Escorial

UBICACION: ESPAÑA El Escorial; Madrid.

AUTOR: JUAN BAUTISTA ÁLVAREZ DE TOLEDO; JUAN DE HERRERA; a igrexa, obra do italiano PACIOTTO .

COMITENTE: Filipe II. Conmemora a Victoria de España na Batalla de S. Quintín (1557), entre o imperio español e Francia; 10 de agosto de 1557; e será o PANTETÓN real dos Austrias.

TEMÁTICA: ***Arquitectura conmemorativa: civil, relixiosa, panteón e mosteiro;*** **funcional** ***e tamén propagandístico, exaltación do poder da monarquía española.***

ESTILO: RENACEMENTO ***español; estilo herreriano ou escurialense.***

CRONOLOXÍA: 1563-1584

MATERIAIS/TÉCNICA: Granito, Pizarra; Sillares.

CARACTERÍZASE: Gran espazo rectangular de **DIMENSIÓNS 206 mts de fachada por 161 de fondo,** con **4 torres cadradas.**

Outras obras notables do periodo: ***Palacio de Carlos V en Granada*** **de** ***Pedro Machuca;***

Erguido por **FILIPE II** para conmemorar a **vitoria** de **San Quintín** e dedicado a **S. LORENZO** polo día da **BATALLA**.

Chapitel: ***Peza piramidal, poligonal ou cónica, que remata a parte superior dunha torre ou cuberta, xeralmente dunha igrexia***



É un gran espazo rectangular de 206 mts de fachada por 161 de fondo, con 4 torres cadradas nas esquinas, rematadas con CHAPITEIS de madeira cubertos de lousa, inspirado nas *frechas góticas* con precedentes en FLANDES; son o contrapunto vertical á horizontalidade da obra

*Os chapiteis gozaron de éxito ao introducilos no barroco madrileño por un **discípulo** de* **Herrera,** **JUAN GÓMEZ DE MOURA**, **Praza Maior de Madrid).**

Comeza **JUAN BAUTISTA ÁLVAREZ DE TOLEDO** *-colaborou con* **MA** *no* ***VATICANO-***; **falece** en **1567**; é *substituído* polo axudante **JUAN DE HERRERA** quen **simplifica** o **proxecto** **reducindo** o **nº de torres** e dando *carácter* **sobrio** e **austero.**

O *único elemento* **decorativo** son os **pináculos** con **bólas** e **poucas** **estatuas**; o resto redúcese ao **XOGO DOS ELEMENTOS CONSTRUTIVOS**

O **recinto** divídese en **4 grandes patios** (os **dianteiros subdividido en 4**) e **dominado** pola impoñente silueta da **basílica** no **centro** da *trama rectangular.*





No **EIXO** do **edificio** marcado pola **porta principal** atópase O **PATIO DOS REIS** que **precede** á **IGREXA** e as **ESTANCIAS REAIS**, tras a *cabeceira* da **igrexa** e *sobresaíndo* do **perímetro** do **rectángulo** polo que a **planta** do **edificio** adopta a forma dunha ***GRELA***, **instrumento** do **martirio** de **S. Lorenzo.**







A **igrexa,** do italiano PACIOTTO **(1573),** de tipo ***bramantesco***, ten **coro elevado** baixo o cal se sitúa o **PANTEÓN REAL** algo máis ***tardío***.

O **conxunto** é de *monumentalidade faraónica*, de carácter **funcional** e tamén **propagandístico**, ***EXALTACIÓN*** DO **PODER** DA **MONARQUÍA ESPAÑOLA**.


Estancias de los Austrias
En el segundo piso del Palacio.
Desde la habitación de Felipe II se ve el Altar Mayor de la Basílica
Panteón de los Reyes
Los Reyes de España reposan en un Mausoleo octogonal de mármol
Entrada Principal
Palacio de los Borbones
Museo de Arquitectura
Sala de Batallas
Patio de los Evangelistas
obra de Juan de Herrera
Sala Capitular
Guarda el Altar Portátil del emperador Carlos V
Los frescos de la bóveda representan monarcas y ángeles
Monasterio
Fundado en 1567
A cargo de los Agustinos desde 1585
Basílica
En el Retablo figuran las estatuas orantes de Carlos V y Felipe II, obra de Pompeo Leoni
Colegio Mayor Alfonso XII
Fundado por los Agustinos en 1875
Biblioteca
Patio de los Reyes
Entrada a la Basílica
Patio de los Reyes
fuenterrebollo.com

O **EDIFICIO** é de **complicado simbolismo cósmico** no **uso** das **proporcións**.

É de ***austeridade carcelaria*** ou **castrense**, **contrasta** co *habitual* nas **1ºs fases do Renacemento hispano**.

A importancia da **obra** deu lugar a **imitaciós**, o **ESTILO ESCURIALENSE*:*** en **Galicia** temos o ***Colexio do Cardeal de Monforte de Lemos***.

COLEXIO DO CARDENAL; MONFORTE DE LEMOS,
Lugo, Galicia

A difusión da *corrente clasicista* de ESTILO HERRERIANO acabará cos últimos residuos do gótico e do plateresco.

***A* PORTA PRINCIPAL destaca do resto do edificio co *dobre corpo*; *non desentona* pola moderación decorativa, coma no resto do edificio:**

Unhas poucas bólas, un escudo real e a estatua de San Lorenzo, obra como o resto da escultura do edificio de Juan Bautista Monegro.

O **conxunto** é **CLÁSICO**, coa ***SUPERPOSICIÓN de ORDES*** (**toscano / dórico** no **baixo** e **xónico** no alto) e o seu **remate** en **FRONTÓN**.

Aparecen trazos ***prebarrocos*** como as **COLUMNAS DE ORDE XIGANTE** e **o corpo superior que voa**, a modo de **peite** (*peineta*), por encima do **nivel** dos **tellados**.

Neste conxunto arquitectónico, **DESTACAMOS**:

PATIO DOS REIS:

Polas **6 estatuas de reis de Judá** (de **JUAN BAUTISTA MONEGRO**) que **decoran** a **cornixa** da **fachada** da **basílica**, é un **espazo rectangular** que **conecta a porta principal coa igrexa.**

Josafat
Ezequías;
David coa lira ou arpa.
Salomón cun libro na súa man esquerda;
Josías
Manasés.

A **PLANTA DA IGREXA** ten como **antecedente** as de **cruz grega** *desenvoltas* por **BRAMANTE**, cubertas con **CÚPULA**.

DOMÉNICO FANCELLI, o **arquitecto**, fixo trasladar os **planos** de ***San Pedro do Vaticano*** con algunhas **modificaciones**.

É de cruz grega *inscrita* nun cadrado, pero convértese en basilical ao engadir un *vestíbulo* ou nártex, como SAN PEDRO DO VATICANO.



O Patio dos Evanxelistas: (1593) obra de* J. B. ÁLVAREZ DE TOLEDO*:

Concíbese como un **claustro** de **2 PISOS DE ARQUERÍA dórica** no **inferior** e **xónica** no **superior**, todo coa máxima **perfección xeométrica** e **rigor** purista.

No **centro do patio** un **FORNELO** de **planta octogonal**, *símbolo* do **bautismo**, con **CÚPULA**, obra de **JUAN DE HERRERA**; nel sitúanse **4 hornacinas** coas **estatuas** dos ***evanxelistas*** *-nome* ao **patio-**, obra de **J. B. Monegro.**

Baixo o **fornelo** hai unha **fonte** con **4 canaliños** (os ***4 ríos do Paraíso***) de acordo coa tradicional **simboloxía** que **considera** ao **claustro** representación da ***Xerusalén celeste (Paraíso)*** en cuxo **centro** se cruzan as *coordenadas espaciais*.

Do patio dos Evanxelistas di o Pai Siguenza, cronista do mosteiro no S. XVI:

"Imaxinei este claustro como místico paraíso terreo, e que del, como daquel que plantou Deus, saían 4 fontes ou ríos que regaban a terra".



O Hospital Real de Santiago (Hostal dos Reis Católicos do 1501 ao 1511
Renacemento español; ***Plateresco***. **Arquitecto real Enrique Egas.*)***

Fachada do Tesouro da Catedral de Santiago (Gil de Hontañón ca. 1543);

PINTURA DO RENACEMENTO ESPAÑOL: O GRECO

FICHA TÉCNICA e Clasificación: O GRECO

OBRA- TÍTULO: *O Martirio de San Mauricio e a Lexión Tebana*

UBICACION: ESPAÑA: MONASTERIO EL ESCORIAL; MADRID.

AUTOR: DOMENIKOS THEOTOKÓPULOS. O GRECO.

COMITENTE: comisionado por Felipe II para pintar o cadro dun altar sobre o martirio de San Mauricio. O cadro non gustou a Felipe II e lle pechou a Domenico Teotocópuli as portas da corte.

TEMÁTICA e función: o tema é o martirio de San Mauricio. Función simbólica, política, relixiosa…. No S.III DC, San Mauricio era xefe dunha lexión exipcia –*tebana*- do exército romano na que *todos* profesaban o *cristianismo*. Na estancia nas Galias recibiron a orde do emperador Maximiano de realizar sacrificios aos deuses romanos. Ao negarse, a lexión foi executada, martirizados os 6.666 membros

ESTILO: RENACEMENTO *español; Pintura Manierista.*

CRONOLOXÍA: 1580-1582

MATERIAIS/TÉCNICA: Oleo sobre lenzo.

DIMENSIÓNS: 445 cm × 294 cm.

Outras obras notables do periodo: *O Espolio; O enterro do Señor de Orgaz; A Adoración dos pastores,…*

O Espolio
1577/79

Nado e **formado** en **Creta**, (sobrenome de ***" o Greco"***).

Trasladouse a **Venecia** **fuxindo** da invasión turca da **illa**.

En **Venecia** **formado** con **Tiziano,** *coñecería* a **pintura** de **Tintoretto**.

Estuda en **Roma** e chega a **España** en **1576** (**36** anos) e estableceuse en **Toledo** onde pintou ***O Espolio*** para a **sancristía** da **Catedral**.

O **obxectivo** era **entrar** na **corte** e **traballar** no **Escorial**.

Martirio de San Mauricio

En **1579** se lle *encarga* **pintar** para o **Escorial** o ***Martirio de San Mauricio:***

San Mauricio foi un xeneral romano, xefe da lexión tebana, na que todos profesaban o cristianismo. En 287 san Mauricio e a lexión tebana atopábanse nas Galias e negáronse a cumprir a orde do emperador Maximiniano de realizar sacrificios en favor dos deuses romanos; ao negarse foron executados.

O **cadro** **non gustou** a **Felipe II** e lle **pechou** a **Domenico Teotocópuli** as portas da **corte**.

O **Rei** esperaba un **cadro realista** e un **martirio sanguento**; **atopouse** cun **cadro** de anatomías arbitrarias.

O *episodio* do ***martirio*** pasa a **2º plano** e **destácase** a ***DISPUTA*** de ***San Mauricio co centurión da Lexión Tebana***, e a **aceptación** do **martirio**, sen **xestos heroicos nin épicos**.

O pai Siguenza di que o lenzo non contentou á súa Maxestade: ***"... contenta a poucos, aínda que din que é de moita arte e que o seu autor sabe moito e veu cousas excelentes da súa man; e máis disto (...) os santos hanse de pintar de maneira que non quiten a gana de rezar neles, antes poñan devoción, pois o principal efecto e fin da súa pintura ha de ser este".***

No **estilístico**, o **lenzo** mostra aínda **influencias** da ***escola veneciana*** na ***paleta de azuis fríos***, *nas* **corazas** e os *xogos* de **luces**.

Apuntan **trazos** *da* ***"2ª maniera"*** na *entoación* ***verdosa***, as anatomías distorsionadas e o debuxo "descoxuntado".

Elementos habituais no **Greco** son:

-Importancia dos xestos *("as mans que falan"* dicía **Marañón)**

-Representación simultánea do Plano terreal / celestial ao que ascende a alma do mártir (precedente dos *"rompementos de gloria"* do ***Barroco***).

-o ton místico que impregna a obra.

A escena celestial ocupa a parte superior do lenzo. Trátase dun rompemento de Gloria.

Uns anxos tocan instrumentos musicais, outros portan palmas martiriales e coroas triunfais.

A Historia que conta:

S Mauricio -vestido coa coroza azulada e barbado- aparece na dereita do lenzo, en 1º plano, acompañado dos seus capitáns.

Van decidir se efectúan o sacrificio aos deuses pagáns.

Á súa esquerda contemplamos a *S. Exuperio* co estandarte vermello. Xunto a eles atópase un home con barba, vestido con túnica, que foi identificado con *Santiago o Menor,* quen convertera á lexión ao Cristianismo.

Entre os militares destacan dous, situados entre o santo e o portaestandarte: O de idade máis avanzada é o Duque Manuel Filiberto de Saboya, comandante das tropas españolas en San Quintín e Gran Mestre da Orde Militar de San Mauricio. Á súa dereita, e máis preto do santo, sitúase Alexandro Farnesio, duque de Parma, quen estaba naqueles momentos loitando nos Países Baixos contra os holandeses (protestantes).



Nos **planos** do **fondo**, onde se desenvolve o **martirio**, atopamos o retrato de ***Don Xan de Austria,*** o ***fillo natural*** de **Carlos V** e **vencedor** da batalla de **Lepanto**.

Todas as figuras contemporáneas visten **uniforme militar** do **S.XVI**, unindo ambos **feitos**:

-a loita dos xenerais españois contra a herexía, e a loita contra o paganismo, ao que se vence co martirio de S. Mauricio.



O feito de relegar o MARTIRIO a un 2º plano e colocar a DECISIÓN próxima ao espectador provocou o rexeitamento de FELIPE II, quen aduciu a falta de devoción que ao seu entender inspiraban as figuras.

Por iso, substituíuse o cadro do GRECO por outro da mesma temática do pintor italiano RÓMULO CINCINATO.

O martirio de
RÓMULO CINCINATO.

Instante previo al martirio, cuando Mauricio y sus soldados se niegan a adorar a los dioses paganos

Escena del martirio se coloca en un segundo plano

El martirio de San Mauricio

FICHA TÉCNICA e Clasificación: O GRECO

OBRA- TÍTULO: ***O Enterro do Señor de Orgaz.***

UBICACION: ESPAÑA, Igrexa de Santo Tomei. Toledo.

AUTOR: Domenikos Theotokópulos. O GRECO.

COMITENTE: encargo do Nuñez, párroco da igrexa de Santo Tomei, aínda que o Greco segue as indicacións, introduce o seu propio estilo e personalidade artística.

TEMÁTICA E FUNCIÓN. É un CADRO relixioso, no que se representa un milagre, as dúas dimensións da existencia humana : abaixo á morte, arriba o ceo, a vida eterna. **É unha piadosa lenda local:**

Gonzalo Ruiz, señor da vila de Orgaz, morreu en 1323 en recendo de santidade e San Agustín e San Estevo descenderon do ceo e transportárono á súa tumba

ESTILO:*RENACEMENTO español; Pintura Manierista.*

CRONOLOXÍA: 1586-1588

MATERIAIS/TÉCNICA: Oleo sobre lenzo.

DIMENSIÓNS: 4,80 x 3,60 m

Outras obras notables do periodo: ***O Espolio; O enterro do Señor de Orgaz; O Martirio de San Mauricio; A Adoración dos pastores, …***

Ao **fracasar** para **entrar** na **corte**, o **Greco** instálase **definitivamente** en **Toledo**, con **ambiente** máis ***propicio*** para a súa **pintura**.

Alí recibe o encargo de pintar o ***Enterro***, a obra **máis coñecida** e a que cimentou, en **vida**, a **fama** e **prestixio** como **pintor**.



Este cadro representa unha piadosa lenda local, o milagre que en 1323 ocorreu na Igrexa de Santo Tomei cando se ía a enterrar a Gonzalo Ruiz de Toledo, *señor* da vila de Orgaz, morto en cheiro de santidade

Nese momento descenden do ceo San Agustín e San Estevo e entérrano eles mesmos na súa tumba coas súas propias mans *en recoñecemento polas súas obras de beneficencia.*

O cadro representa esta escena para informar ao visitante do feito extraordinario que ocorreu nese lugar, e lle lembre que certas virtudes como a caridade ou o rezo aos santos son razóns de peso para poder alcanzar a VIDA ETERNA, motivo do milagre.

No S. XIV non había condes en Orgaz; o título que adoita dárselle (O Enterro do Conde Orgaz) é inadecuado.

Os ***feitos milagrosos*** son do **S.XIV**, o **Greco** *actualiza* **escena** e **ambiéntaa** **S.XVI**

O Sr. de Orgaz viste armadura renacentista *recurso* ***veneciano*** *para* ***xogos*** *de luces e reflexos –Tiziano-*).

Ao seu ***enterro*** **asiste** *nobreza toledana* da época, **vestidos** á moda do **S.XVI** caracterizados nunha **impresionante galería** de **retratos**.

Os **rostros** aparecen **místicos** e **idealizados** pero recoñecibles o que **explica** o **éxito** na **sociedade** toledana que se vía **representada**.

O Greco parece incluído, **autorretratándose** como un **asistente** (*7º pola dereita –do cadro- que se desentende do enterro e mira, orgulloso da súa obra, ao espectador*); incluíu ao seu **fillo** e discípulo, **Jorge Manuel**, no **neno** que no 1º plano sinala ao **cadáver**.


Juan López de la Quadra, mayordomo de Santo Tomé
Fraile franciscano
Fraile agustino
Diego de Covarrubias
Fraile dominico
Autorretrato
Alcalde de Toledo
Cervantes?
Alonso de Covarrubias, profesor de la universidad
Francisco de Pisa
Rodrigo de la Fuente
Andrés Núñez, párroco de Sto. Tomé
Santo Tomás
Calavera
San Pablo
Santiago
Santa Catalina
Martirio de San Esteban
Jorge Manuel, hijo de El Greco
San Esteban
Don Gonzalo Ruiz, Conde de Orgaz
San Agustín con el rostro del cardenal Quiroga
Pedro Ruiz Durón, ecónomo parroquial

O cadro estrutúrase en 2 niveis, o TERREAL e o CELESTIAL, enlazados polo anxo, no centro, que se *eleva* levando a alma do defunto, representada pola *figura vaporosa* e incorpórea dun neno espido.

Na **ZONA TERREAL** o **tratamento** é realista, con *influencias* **venecianas** *(luz, armadura...etc.)*. A **profundidade** conséguese por medio de **escorzos** (o *defunto*) e **co recurso** *de costas en 1º plano*.



A ZONA ALTA é de tratamento *manierista* con desproporcións expresionis-tas, luces irreais e entoacións fantásticas.



Entre nubes *verdosas, sólidas* como xeo ou cristal, está *Cristo* que espera a alma coa *Virxe* e *santos*, os apóstolos e os coros anxélicos.

Nesta parte o Greco afástase de Tiziano e busca novos camiños que o leven na última etapa á creación dunha linguaxe expresiva autónomo e orixinal.

FICHA TÉCNICA e Clasificación: O GRECO

OBRA- TÍTULO: *A Adoración dos pastores.*
UBICACION: **ESPAÑA,** Museo do Prado. Madrid
AUTOR: Domenikos Theotokópulos. O GRECO.
COMITENTE: O greco e a congregación; pintado para a cripta da igrexa de Santo Domingo o Antigo de Toledo; última obra mestra do Greco antes da súa morte o 7 de abril de 1614; pensada para ornar o lugar de enterramento da familia Theotocopuli no convento de Santo Domingo o Antigo (Toledo), o ámbito onde o Greco recibiu o seu primeiro encargo en España, en 1557.
TEMÁTICA e función. É un cadro relixioso, de devoción, para ornamentar a cripta.
ESTILO:*RENACEMENTO español; Pintura Manierista.*
CRONOLOXÍA: 1610
MATERIAIS/TÉCNICA: Oleo sobre lenzo.
DIMENSIÓNS: 319 x 3180 cm
Outras obras notables do periodo: *O Espolio; O enterro do Señor de Orgaz; O Martirio de San Mauricio; A Adoración dos pastores, …*

A Adoración dos pastores realizouse na última etapa, a máis persoal, "vangardista" e expresiva, de formato alongado ao que se **adaptan** as *figuras estilizadas* ata a **desproporción**.

Nesta **última etapa** (***Laoconte***, ***Apocalipse***, etc.) o **GRECO** rompe con todos os **convencionalismos da arte clásico e renacentista** (***canon, harmonía*** *etc.*).

Abandona a **realidade**, as **cores** e as **formas naturais**, e **crea** o seu **propio mundo**, ***arrebatado*** e ***suxestivo***, poñendo os **recursos** do **manierismo** ao servizo dun **fervor místico** que só podía ser **apreciado** en **CASTELA**.

Na ***adoración*** as figuras axítanse ***posuídas*** dunha ***convulsión espiritual***, os **xestos** son **fundamentais** na súa ***pintura***, as **luces** son *irreais* (*o Neno é a principal fonte de luz pero hai múltiples focos exteriores*), e as **cores** vibrantes e **tornasoladas**.

Tornasolado:

Efecto que se consegue mediante un sistema de tintura de tecidos, que consiste en superpoñer diferentes tonalidades ou matices dunha mesma cor.

O GRECO usa a técnica das *cores complementarias xustapostas*:
o vermello da túnica da Virxe converte en verde a camisa amarela do pastor ao seu lado.

Nalgunhas ***versións***, no **1º plano do cadro** temos un ***cordeiro*** coas patas atadas, listo para o **sacrificio**, é o ***agasallo*** dos **pastores** que ***prefigura*** **a morte de Cristo** (***o cordeiro de Deus)*** **na cruz.**

Metropolitan Museum of Art, New York, USA

RUMANIA- Bucarest

Na versión de *New York*, o paralelismo entre o *cordeiro* e Cristo é máis evidente xa que o *cordeiro* adopta a mesma postura do Neno no pesebre.

***Noutra versión** do **cordeiro** aa **parte inferior** do cadro aparece un pequeno **billete** coa **firma** do **Greco**; billete que sostén na boca unha **serpe**, símbolo segundo algúns da **envexa** á que o **Greco** atribuía ao **fracaso** da **obra**.*

Metropolitan Museum of Art, New York, USA

A escena é nocturna, o espazo angosto e irregular, unha *gruta*, e no fondo un van abucinado de 2 arcos de medio punto.

Ao redor de María e o Fillo espido, sobre o colo desta, san Xosé e 3 pastores con devoción.

No chan, de xeonllos, o boi contempla ao nado.

Sobre a escena, pechando a *elipse compositiva*, un grupo de anxos sosteñen unha *filacteria* co texto:
GLORIA IN EXCEL[SIS DEO E]T IN TERRA PAX [HOMINIBUS].

O Neno Xesús aparece como o emisor dunha intensa luz que baña ao reducido grupo que o contempla: a *Virxe, san Xosé, tres pastores e un grupo anxélico* formando unha sorte de *bóveda celeste*.

As figuras son a mellor selección das creacións características do Greco.

Museo O Prado

Metropolitan museum NY

O Metropolitan Museum de Nova York posúe unha versión de taller con variacións, realizada, en datas similares ás do lenzo orixinal.

Esta Natividade é a última obra mestra do Greco antes da morte o 7 de abril de 1614.

Culmina a depuración formal do tema nas versións de entre 1597 e 1605.